

1º e 2º DE ESO


L.Cugota, L.Vera, Me llamo Marie Curie.



Esta muller gañou dúas veces o Premio Nobel (un de Física e outro de Química), foi a primeira muller que se doctorou na Universidade da Sorbona onde despois exerceu como profesora. Estivo sempre moi namorada e vinculada ao seu esposo e compañeiro de traballo. A súa filla tamén gañou un Premio Nobel.

3º DE ESO


Lawrence Krauss, Historia de un átomo.



Somos, literalmente, fillos das estrelas. Todos os átomos dos nosos corpos estiveron algunha vez no inferno dunha estrela en explosión. Cada un deles viviu innumerables e axitadas vidas. Estaban aí no comezo dos tempos e sobrevivirán á desaparición da Terra e o Sistema Solar.

Alfonso R. Castelao, Cousas.

Cousas é a creación literaria máis orixinal que nos deixou o artista de Rianxo. Con este libro publicado por primeira vez no ano 1926, Castelao inventa un xénero novo e persoal. A través destas breves narracións consegue expresar a realidade esencial do pobo galego. Emoción e sentimento únense a un humor extraordinario que fai da súa lectura unha experiencia única.



A Biblioteca lémbra-vos que podedes levar prestados libros para o verán. Agardamos que teñades unhas vacacións cheas de amizade, praia, e boas lecturas.

IES FERNANDO BLANCO

biblioteca

**Guía de lectura
verán 2009
1º, 2º e 3º ESO**



xuño 2009

bibliofernandoblanco.blogspot.com

equipo de normalización lingüística

1º, 2º e 3º de ESO

Cornelia Funke,
Corazón de tinta.

O restaurador de libros Mo, pai dunha nena de doce anos chamada Meggie, consegue coa súa lectura en voz alta outorgar vida real aos personaxes dos libros.



Jules Verne, ***Os piratas do Halifax***



Nove nenos ingleses reciben unha axuda para facer unha viaxe ás Antillas. Mais, un día antes de embarcar, o buque Alerta é tomado por un grupo de piratas que pretenden desfacerse dos pequenos e a súa despistada titora para cruzar os océanos facendo das súas.

Xabier P. Docampo,
Cando petan na porta pola noite.

Catro relatos de misterio que Docampo adica aos seus pais, dos que di que foron grandes contadores de contos. Son historias que cando as lemos, parece que as estamos escoitando, o cal fai que o noso medo vaia en aumento.



Había unha vez un home moi querido do seu pobo porque contaba historias. Todas as mañás saía do pobo e, cando volvía polas noites, todos os traballadores do pobo, tras ter bregado todo o día, reuníanse ao seu redor e dicíanlle:

-Veña, conta, que viches hoxe?

El explicaba:

-Vin no bosque un fauno que tiña unha frauta e que obrigaba a danzar a unha rolda de silvanos.

-Sigue contando, que máis viches? -dicían os homes.

-Ao chegar á beira do mar vin, no gume das ondas, tres sereas que peiteaban os seus verdes cabelos cun peite de ouro.

E os homes apreciábano porque lles contaba historias.

Unha mañá deixou o seu pobo, como todas as mañás... Mais ao chegar á beira do mar, velaquí que viu tres sereas, tres sereas que, no gume das ondas, peiteaban os seus cabelos verdes cun peite de ouro. E, como continuase o seu paseo, en chegando cerca do bosque, viu un fauno que tanxía a súa frauta e unha rolda de silvanos... Aquela noite, cando regresou ao seu pobo, coma sempre, preguntáronlle os homes:

-Veña, conta: que viches?

El respostou:


-Non vin nada.

O home que contaba historias.
Óscar Wilde

3º DE ESO

María Reimóndez, ***Usha.***

Usha escribe o relato da súa estancia en Devastana, unha vila do estado de Karnataka, na India. A rapaza galega, que acompañaba a súa nai, membro dunha ONG, rememora a vida cotiá da súa escola india. Unha novela emocionante que interroga e interesa ao lector sobre unha realidade cultural que a maior parte descoñece.



2º DE ESO

Paula Carballeira, ***Smara.***

Ilustracións de Carole Hénaff Col. Sete leguas. Cando cumpriu once anos, o rapaz puido por fin ir co seu pai de viaxe. Sempre agardara con ilusión o regreso das viaxes do pai reporteiro, para que lle contara as historias dos lugares que coñecera. Pero esta vez levouno ao Sáhara, á antiga Smara, unha cidade fantasma no deserto que só podían ver os saharauis. Alí a Avoa Ugago, antes de morrer, contálle o seu enfrontamento co mago do Norte.



Premio Isaac Díaz Pardo ao libro ilustrado 2006